

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3580 *Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.*

I

Desde que a Organización Mundial da Saúde declarou, o pasado 30 de xaneiro, que a situación en relación co coronavirus COVID-19 supuña unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional, fóronse adoptando unha serie de medidas orientadas a protexer a saúde e a seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública.

En particular, a situación xerada pola evolución do COVID-19 supuxo a necesidade de adoptar medidas de contención extraordinarias por parte das autoridades de saúde pública, dentro do actual escenario de contención reforzada, coordinadas no marco do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Estas medidas, xunto coas adoptadas por outros países, están tendo un impacto económico que se proxecta, en particular, sobre determinadas empresas e sectores da economía española, así como sobre os cidadáns das zonas afectadas.

O recente Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública, adopta unha serie de medidas urxentes orientadas a evitar a propagación da enfermidade, manter a protección social dos traballadores por conta propia ou allea e garantir a subministración e a mellor distribución de medicamentos e produtos sanitarios. Así, previuse que os períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19 terán a consideración de situación asimilada a accidente de traballo para efectos da prestación económica por incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social; e a subministración centralizada pola Administración, de forma temporal, nos casos en que un medicamento ou produto sanitario se vexa afectado por excepcionais dificultades de abastecemento.

Tamén o Consello de Ministros do 10 de marzo acordou a prohibición dos voos directos entre a República Italiana e os aeroportos españois entre os días 11 e 25 de marzo.

Adoptáronse tamén outras medidas, tales como a habilitación, nos centros de estadía temporal de inmigrantes (CETI), dunha sala para o suposto de que for necesario proceder ao illamento dalgunha persoa, os labores de vixilancia de grupos vulnerables a COVID-19 e a recomendación do uso dos protocolos propostos por Sanidade nos centros xestionados por outras institucións. No ámbito das institucións penitenciarias, tomáronse medidas para limitar os accesos durante 14 días a prisións e centros de inserción social situados en Madrid, Vitoria e Labastida, ao tratarse de «zonas de transmisión significativa», e a suspensión ou limitación das comunicacións familiares.

Ademais, nunhas comunidades autónomas adoptouse o peche temporal de centros educativos e de atención a maiores, así como a suspensión das actividades en espazos pechados que reúnan máis de mil persoas.

No ámbito da Unión Europea, os xefes de Estado e de Goberno celebraron o 10 de marzo un Consello Europeo extraordinario co fin de analizar a situación nos Estados membros e reiterar a necesidade dun enfoque europeo común, tomando as medidas necesarias e actuando con rapidez. Neste sentido, o Consello Europeo identificou catro prioridades:

Primeira, limitar a propagación do virus. Os Estados membros reiteraron como máxima prioridade asegurar a saúde dos cidadáns e basear as actuacións nas recomendacións científicas e das autoridades sanitarias, con medidas proporcionais. Segunda, a

subministración de equipamento médico. Acordouse encargar á Comisión a análise das necesidades e a posta en marcha de iniciativas para evitar situacións de desabastecemento, en colaboración coa industria e mediante contratacións públicas conxuntas. Ademais, a Comisión ten a intención de adquirir equipamentos de protección persoal a través do mecanismo de protección civil, prestando especial atención a máscaras e respiradores. Terceira, a promoción da investigación, en particular para o desenvolvemento dunha vacina. E en cuarto lugar, facer fronte ás consecuencias socioeconómicas. A Unión e os seus Estados membros subliñaron a súa disposición a facer uso de todos os instrumentos necesarios, en particular, atendendo ao impacto potencial na liquidez, apoiando as pemes, os sectores específicos afectados e os traballadores.

Para dar resposta urxente a estas prioridades, a Comisión Europea está traballando en dúas fronteas: a sanitaria e a económica.

No ámbito sanitario, anunciáronse actuacións tales como a coordinación de medidas mediante conferencias telefónicas diarias cos ministros de Sanidade e Interior, a organización dun equipo de epidemiólogos e virólogos de diferentes Estados membros para propor directrices a nivel europeo, o inventario dos equipamentos de protección e aparellos respiratorios dispoñibles, así como da súa capacidade de produción e distribución, o reforzo da iniciativa europea para financiar a investigación específica sobre o coronavirus e a mobilización de 140 millóns de euros de financiamento público e privado para investigación sobre vacinas, diagnóstico e tratamento.

Pola súa parte, a Comisión Europea anunciou tamén outras medidas no ámbito económico. Así, estase a levar a cabo unha imprescindible coordinación entre os Estados membros, a Comisión e o Banco Central Europeo. Quérese, así mesmo, asegurar que as axudas estatais poidan fluír ás empresas que as necesiten, adaptando, de ser o caso, a normativa de axudas de estado, e aproveitarase plenamente a flexibilidade que existe no Pacto de estabilidade e crecemento. Cabe destacar, ademais, que o 10 de marzo a Comisión Europea anunciou unha «Iniciativa de investimento de resposta ao coronavirus» dirixida a apoiar os sistemas de atención da saúde, pemes, mercado de traballo, sectores especialmente afectados e outras áreas vulnerables, e presentará medidas que permitan utilizar de maneira rápida e excepcional os fondos estruturais nese sentido.

II

Este real decreto lei ten por obxecto adoptar novas medidas para responder ao impacto económico negativo que se está a producir no ámbito sanitario, no sector turístico e sobre as persoas afectadas polas medidas de contención adoptadas polas autoridades competentes, así como previr un maior impacto económico negativo sobre as pemes e autónomos. En concreto, as medidas adoptadas oriéntanse a reforzar o sistema de saúde pública, apoiar as persoas traballadoras e familias máis vulnerables afectadas pola situación excepcional e extraordinaria, garantir a liquidez das empresas do sector turístico e apoiar o financiamento das pequenas e medianas empresas e autónomos. Ademais, este real decreto lei establece unhas medidas para a xestión eficiente das administracións públicas.

O capítulo I adopta unha serie de medidas de reforzo no ámbito sanitario.

A infección COVID-19 en España está provocando unha tensión sen precedentes no Sistema nacional de saúde, tanto nos servizos prestadores de asistencia sanitaria coma nos servizos de saúde pública.

A protección da saúde pública da cidadanía española, así como o tratamento e a recuperación das persoas afectadas por esta infección, dependen da capacidade de resposta das administracións sanitarias, é dicir, do Ministerio de Sanidade e dos órganos competentes en materia de saúde das comunidades autónomas.

A alerta sanitaria actual require unha coordinación sen fisuras entre as distintas administracións competentes, tanto a nivel nacional coma internacional, que está a ser liderada, con recoñecemento tanto poboacional coma profesional, polo Ministerio de Sanidade.

Así mesmo, actualmente están activándose e executándose os plans de continxencia sanitarios por parte das comunidades autónomas, pero a situación actual require unha reorganización acelerada e un reforzo do Sistema nacional da Seguridade Social, para garantir, a todos os niveis, a protección da saúde, non só individual senón tamén colectiva en España. Todo isto porque o enfoque se debe centrar en reforzar, con garantías, o control e a vixilancia epidemiolóxica, a atención no ámbito domiciliario dos pacientes que o permitan (non abordando só o tratamento e seguimento da enfermidade COVID-19, senón o necesario seguimento ante outras patoloxías co obxecto de garantir a protección da súa saúde sen necesidade de acudir aos centros de saúde nin aos hospitais) e a atención hospitalaria das persoas afectadas que o requiran.

Esta situación excepcional require unha resposta contundente, proporcionada, meditada e áxil por parte do Goberno de España e das comunidades autónomas, que lance unha mensaxe inequívoca á cidadanía e aos profesionais do Sistema nacional de saúde mediante a dotación de recursos económicos adicionais a aqueles de que actualmente dispoñen as administracións sanitarias autonómicas para facer fronte a esta epidemia.

Polo tanto, ante esta situación dótanse, con carácter excepcional, recursos orzamentarios con cargo ao Fondo de Continxencia para atender os gastos ocasionados polas necesidades sanitarias que se presenten nas comunidades autónomas e mitigar as consecuencias sociais e económicas derivadas desta pandemia.

Por outro lado, o Goberno aprobou, na súa reunión do Consello de Ministros do día 11 de xaneiro de 2019, o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, que foi remitido ás Cortes Xerais para proceder á súa tramitación parlamentaria, mais foi rexeitado no debate de totalidade no Pleno do Congreso dos Deputados do 13 de febreiro de 2019.

O proxecto de lei constituía o vehículo ordinario para instrumentar, entre outras múltiples medidas, a actualización do financiamento das administracións territoriais que corresponde ás comunidades autónomas e ás entidades locais en aplicación dos seus respectivos sistemas de financiamento para o exercicio 2019.

Ante a situación de prórroga orzamentaria foi necesario aprobar o Real decreto lei 13/2019, do 11 de outubro, polo que se regula a actualización extraordinaria das entregas á conta para o ano 2019 das comunidades autónomas de réxime común e das entidades locais, en situación de prórroga orzamentaria, e se establecen determinadas regras relativas á liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado, correspondente ao ano 2017.

Este real decreto lei tivo como finalidade, entre outras, evitar efectos relevantes e irreversibles sobre as finanzas públicas dos distintos niveis da Administración.

Na actualidade, encóntrase en fase de elaboración o anteproxecto da Lei de orzamentos xerais do Estado, ben que o dito anteproxecto aínda non se encontra concluído. Non obstante, o Goberno aprobou recentemente o Acordo polo que se adecúan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o ano 2020, e se fixa o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o ano 2020, acordo que foi ratificado polo Congreso o 27 de febreiro de 2020 e polo Senado o 4 de marzo de 2020.

O Fondo Monetario Internacional, na Declaración final da misión da consulta do artigo IV de 2020 considera que, ante o abrocho de coronavirus, se entende que o Goberno deba dotar de recursos suficientes o sector sanitario, ademais de destinar un apoio específico aos máis afectados, e que estas medidas temporais de carácter extraordinario se deberían intensificar segundo sexa necesario para previr e conter o virus e mitigar o impacto económico.

Tendo en conta o feito de que as competencias en materia sanitaria corresponden ás comunidades autónomas de acordo co esquema establecido no artigo 148 da Constitución, que establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de sanidade e hixiene, competencias que foron asumidas nos correspondentes estatutos de autonomía, cómpre reforzar o seu financiamento nesta crítica conxuntura.

Segundo os últimos datos dispoñibles do ano 2018 da clasificación funcional das administracións públicas rexionais, o gasto en saúde supón máis do 36% do total de empregos non financeiros do subsector de comunidades autónomas. A dita porcentaxe elévase a máis do 38% en relación cos orzamentos autonómicos aprobados para o exercicio 2019, así como respecto aos datos dispoñibles dos orzamentos do exercicio 2020. Desta maneira evidénciase que, no conxunto de competencias autonómicas, os gastos sanitarios representan indubidablemente a principal política de gasto e que, pola súa vez, é a que asume un maior peso específico no conxunto de servizos públicos fundamentais sobre os que se garante un nivel mínimo no conxunto do territorio español.

As actuais circunstancias, en relación cos gastos sanitarios que resulta necesario asumiren as comunidades autónomas para prestar a atención sanitaria e controlar a propagación derivada do COVID-19, únense a unha presión, xa en por si alcista, do gasto sanitario, que con carácter estrutural vén afectando o dito ámbito e que é preciso atender para procurar, por parte do conxunto de administracións públicas, o mellor servizo público posible aos cidadáns, coas necesarias garantías de acceso e equidade aos ditos servizos sanitarios e ás innovacións farmacéuticas e terapéuticas dispoñibles. Todo isto fai necesario arbitrar as medidas financeiras oportunas que permitan asegurar a adecuada atención das necesidades sanitarias da poboación e dos correspondentes servizos de saúde.

De non se aprobar este real decreto lei, as comunidades autónomas poderían verse abocadas a unha difícil situación financeira que lles dificultaría e podería pór en risco o adecuado desempeño dos labores sanitarios que lles corresponden ante a situación de pandemia declarada, polo que se debe dotar de recursos suficientes o sector sanitario.

Coa finalidade de evitar estes prexuízos ao interese xeral, este capítulo adopta as medidas de axuste imprescindibles para actualizar as entregas á conta das administracións territoriais. Esta actualización non altera o réxime financeiro actual das comunidades autónomas e non se pode considerar unha modificación ou alteración del, senón que, pola contra, se basea na aplicación dos artigos 12 a 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

O artigo 2 regula a actualización de entregas á conta de comunidades autónomas; o artigo 3 establece que, para a determinación da actualización do importe das entregas á conta, a previsión de ingresos tributarios previos á cesión ás administracións territoriais será a dispoñible no momento de publicación deste real decreto lei para a elaboración do anteproxecto de orzamentos xerais do Estado para 2020, de conformidade co disposto no artigo 11.2 da Lei 22/2009 anteriormente citada; o artigo 4 ocúpase dos restantes parámetros, variables ou datos de referencia necesarios para a aplicación do previsto nos citados artigos 12 a 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro; o artigo 5 regula como se levarán a cabo os libramentos que, en aplicación do sistema de financiamento autonómico, efectúe a Administración xeral do Estado a favor das comunidades autónomas nos meses posteriores ao da entrada en vigor deste real decreto lei; o artigo 6 regula os suplementos de créditos necesarios para financiar estas entregas á conta.

Por outro lado, este capítulo tamén modifica o artigo 94.3 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, co fin de incorporar a posibilidade de que o Goberno poida regular o mecanismo de fixación dos prezos doutros produtos necesarios para a protección da saúde da poboación e de prever que, cando exista unha situación excepcional sanitaria, co fin de protexer a saúde pública, a Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos poida fixar o importe máximo de venda ao público dos medicamentos e doutros produtos.

Con isto, trátase de posibilitar unha intervención temporal no prezo dos produtos sanitarios non suxeitos a prescrición médica, así como doutro tipo de produtos necesarios para a protección da saúde da poboación, de venda ao público. Todo isto co fin de garantir o seu acceso adecuado á cidadanía e loitar fronte á expansión do COVID-19 no noso país.

O capítulo II, pola súa parte, introduce as medidas de apoio á familia.

En primeiro lugar, asegúrase o dereito básico de alimentación de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade que se encontran afectados polo peche de centros educativos decretado en diferentes zonas do país como medida para frear a expansión do COVID-19. A medida ten como obxectivo previr situacións de carencia como consecuencia da falta de acceso aos servizos de comedor dos centros educativos dos cales desfrutaban algúns destes nenos e nenas grazas ás bolsas de comedor. A atención dos menores en condicións de vulnerabilidade é unha das prioridades estratéxicas do Goberno e nas actuais circunstancias debe ser un colectivo especialmente protexido.

O real decreto lei establece as medidas (axudas económicas ou prestacións directas de servizos de distribución de alimentos) xestionadas polos servizos sociais de atención primaria en coordinación cos centros escolares e as respectivas consellerías de educación e de servizos sociais das comunidades autónomas, Ceuta e Melilla; e aproba a concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 por importe total de 25.000.000 euros para financiar as correspondentes transferencias ás comunidades autónomas, Ceuta e Melilla para pór en marcha as medidas.

En segundo lugar, no ámbito da educación obrigatoria, débese ter en conta que a interrupción das actividades lectivas presenciais nos centros educativos, que se podería adoptar como medida de contención sanitaria, obriga a modificar o calendario escolar establecido por cada Administración educativa, no marco da norma básica fixada pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, co fin de que as citadas administracións poidan ordenar dunha maneira flexible o desenvolvemento do curso escolar, coa combinación de actividades non presenciais que resulten adecuadas.

En terceiro lugar, en coherencia co establecido para os traballadores encadrados no réxime xeral da Seguridade Social polo Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública, e coa finalidade de evitar a propagación da enfermidade e manter a protección social da cidadanía, establécese tamén para o persoal encadrado no réxime do mutualismo administrativo que os períodos de illamento ou contaxio como consecuencia do COVID-19 terán a consideración de situación asimilada a accidente de traballo, para efectos da prestación económica por incapacidade temporal do correspondente réxime especial da Seguridade Social.

O capítulo III articula medidas de apoio ao sector do turismo.

En primeiro lugar, este real decreto lei articula unha liña de financiamento a determinadas empresas e autónomos que se consideran especialmente afectados polo COVID-19. Esta liña de financiamento foi creada polo artigo 4 do Real decreto lei 12/2019, do 11 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos da apertura de procedementos de insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook, e os seus instrumentos de desenvolvemento, que estableceron unha liña de financiamento de 200 millóns de euros, xestionada polo Instituto de Crédito Oficial e cunha garantía parcial do 50% do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para as empresas e os traballadores autónomos do sector turístico e de actividades conexas con el.

Constatouse na actual crise que un dos principais sectores económicos afectados está sendo o sector turístico, e isto polas restricións á libre circulación de persoas que se están tomando e a menor demanda de servizos turísticos pola incerteza e o efecto precaución. Todo isto está tendo un impacto económico importante nas liñas aéreas, no sector turístico e no comercio retalista. Un exemplo disto é que o pasado día 6 de marzo a Organización Mundial do Turismo (OMT) revisou as súas perspectivas de chegadas de turistas internacionais para 2020, situándoas nun -1% a -3%, o que supón unha perda estimada de entre 30.000 e 50.000 millóns de dólares (EE.UU.) en ingresos procedentes do turismo internacional. Antes do abrocho do COVID-19, a OMT previra un crecemento positivo de entre o 3% e o 4% para este ano.

En consecuencia, a irrupción do COVID-19 está afectando severamente e de forma xeneralizada o sector turístico, que constitúe un dos sectores clave (12,3% do produto interior bruto) dunha potencia turística como España, cuxos operadores económicos necesitan, con carácter urxente, medidas de apoio financeiro para poder compensar, no posible, os descensos dos seus ingresos ordinarios e dotarse de liquidez para facer fronte ás súas obrigacións.

Por conseguinte, con carácter de extraordinaria e urxente necesidade, refórzase e esténdese a referida liña de financiamento prevista inicialmente para os afectados pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook aos afectados pola crise desencadeada polo COVID-19, polo que a dita liña de financiamento se estende a todas as empresas e traballadores autónomos establecidos en España e encadrados nos sectores económicos definidos na disposición adicional primeira, que son os que, polo momento, están a ser especialmente afectados por ela. Así mesmo, a liña de financiamento dótese con 200 millóns de euros adicionais aos 200 millóns de euros inicialmente previstos.

Como os termos e as condicións desta liña de financiamento ampliada son idénticos aos xa establecidos polo artigo 4 do Real decreto lei 12/2019, do 11 de outubro, e polos seus instrumentos de desenvolvemento, a súa aplicación será automática cando entre en vigor este real decreto lei, sen necesidade de ningún desenvolvemento normativo ou convencional, ou acto xurídico de aplicación, que demorarían en exceso a necesaria aplicación da medida. Instrúese o ICO para que, con carácter inmediato, realice as xestións oportunas coas entidades financeiras para que a liña de financiamento ampliada estea operativa no prazo máximo de dez días desde a entrada en vigor.

En segundo lugar, a situación excepcional provocada polo COVID-19 pode ter unha especial incidencia no emprego dos traballadores fixos discontinuos que traballan no sector turístico e en todos os sectores vinculados a el en todas as comunidades autónomas. Por iso, neste real decreto lei, como medida extraordinaria, anticipase e amplíase aos meses de febreiro a xuño de 2020 a aplicación desta bonificación respecto daqueles traballadores que se poden ver máis afectados pola situación excepcional mencionada en todas as comunidades autónomas.

O capítulo IV recolle as medidas de apoio financeiro transitorio.

Así, perséguese mitigar o posible impacto que o escenario de contención reforzada poida ter nos sectores máis vulnerables da economía, é dicir, pemes e autónomos.

Con esta finalidade, para evitar posibles tensións en tesouraría que poidan experimentar estes colectivos, propónse unha flexibilización en materia de adiamentos ao conceder durante seis meses esta facilidade de pagamento de impostos a pemes e autónomos, logo de solicitude, nuns termos equivalentes a unha carencia de tres meses.

Por outro lado, a Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio estableceu como obxectivo fundamental da política industrial contribuír ao aumento do peso do sector industrial na economía española, que se situou no 14,2% do produto interior bruto no ano 2019. Para estimular o desenvolvemento industrial aprobouse un marco normativo para financiar proxectos de investimento para a mellora da competitividade industrial, a sustentabilidade, a transformación dixital ou que contribúan á reindustrialización. Este estímulo adopta a forma de apoio financeiro a proxectos industriais en diferentes programas regulados mediante as súas respectivas ordes de bases a través da concesión de préstamos a longo prazo.

A irrupción do COVID-19 está afectando a cadea de valor de amplos sectores industriais especialmente internacionalizados e está incrementando o custo da produción debido ao maior custo loxístico de importación de pezas e subministracións. Por iso, proporciónanselles aos operadores económicos medidas de apoio financeiro para poderen compensar, no posible, os descensos dos seus ingresos ordinarios e dotarse de liquidez para faceren fronte ás súas obrigacións.

Neste sentido, considérase esencial que as empresas que recibisen apoio financeiro ao investimento industrial a través de préstamos da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa poidan solicitar o adiamento de reembolso.

O capítulo V, pola súa parte, adopta unha serie de medidas para a xestión eficiente das administracións públicas.

O artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece a tramitación de emerxencia como mecanismo para actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional. Este réxime excepcional na contratación pública encaixa á perfección na situación actual para facer fronte ao COVID-19.

Así, no que respecta a este real decreto lei, este capítulo determina a tramitación de emerxencia para a contratación de todo tipo de bens ou servizos que precise a Administración xeral do Estado para a execución de calquera medida para facer fronte ao COVID-19.

Por outro lado, dado o contexto orzamentario actual de prórroga dos orzamentos xerais do Estado, arbítranse mecanismos excepcionais que permitan a transferencia de recursos entre seccións orzamentarias co fin de poder atender todas as necesidades que se presenten, preservando a estabilidade orzamentaria.

Por último, tamén no contexto da situación creada como consecuencia da propagación do coronavirus COVID-19, a disposición derradeira primeira modifica a Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, co fin de establecer a posibilidade de que o presidente do Goberno, en situacións excepcionais e cando a natureza da crise o exixa, decida motivadamente que o Consello de Ministros, as comisións delegadas do Goberno e a Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios poidan celebrar sesións, adoptar acordos e aprobar actas a distancia por medios electrónicos, coas debidas garantías.

A dita previsión afecta, exclusivamente, un aspecto parcial e concreto do réxime de funcionamento do Goberno en canto que órgano colexiado de dirección política, e non elementos estruturais, esenciais ou xerais da súa organización e funcionamento (STC 60/1986, do 20 de maio, FX 4).

Por outra parte, os termos da citada modificación son respectuosos co principio subxacente ao artigo 97 da Constitución, conforme o cal a reunión presencial do Goberno debe ser a regra xeral, posto que, en liña co sinalado na recente STC 45/2019, do 27 de marzo (FX 6 B), a celebración de sesións e a adopción de acordos a distancia se debe reservar para casos xustificados, excepcionais e coas oportunas garantías.

III

A adopción de medidas de carácter económico mediante real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorran unha motivación explícita e razoada da necesidade –entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta– e a urxencia –asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo–.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F4; 137/2003, do 3 de xullo, F3 e 189/2005, do 7 xullo, F3), remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

A situación orixinada pola declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional xera a concorrencia de motivos de saúde pública que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar medidas. No actual escenario de contención e prevención do COVID-19 é urxente e necesario atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública.

Así mesmo, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a saúde pública. Os motivos de oportunidade que se acaban de expor demostran que, en ningún caso, este real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción desta norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Débese sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Este real decreto lei responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, polo que o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para lograr os obxectivos previamente mencionados. Axústase, igualmente, ao principio de seguridade xurídica ao ser coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública, que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos lei. Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón ningunha carga administrativa adicional ás existentes con anterioridade.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e dos ministros de Facenda, de Educación e Formación Profesional, de Traballo e Economía Social, de Industria, Comercio e Turismo, de Sanidade, e de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas de reforzo no ámbito sanitario

Artigo 1. Concesión dun crédito extraordinario no Ministerio de Sanidade para atender gastos extraordinarios do Sistema nacional de saúde.

Autorízase a aplicación do Fondo de Continxencia e a concesión dun crédito extraordinario por un importe total de 1.000 millóns de euros no Ministerio de Sanidade, aplicación orzamentaria 26.09.313A.228 «Gastos orixinados no Sistema nacional de saúde derivados da emerxencia de saúde pública en relación co COVID-19 en España», para contribuír ao financiamento dos citados gastos extraordinarios.

O financiamento do crédito extraordinario realizarase de conformidade co establecido no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Este crédito terá o carácter de ampliable e non lle serán de aplicación as limitacións contidas nos artigos 52.1 c) e 54.4 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Así mesmo, resultaralle de aplicación o disposto no artigo 59 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 2. *Actualización de entregas á conta de comunidades autónomas.*

Durante o exercicio 2020, o importe das entregas á conta dos recursos suxeitos a liquidación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común regulado na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, en situación de prórroga orzamentaria, actualizarase conforme as regras establecidas nos artigos seguintes deste capítulo.

Artigo 3. *Ingresos tributarios previos á cesión.*

Para a determinación da actualización do importe das entregas á conta, para os efectos da aplicación do disposto nos artigos 12 a 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, as previsións de ingresos tributarios previos á cesión ás administracións territoriais, por figuras e conceptos tributarios referidos en tales artigos, serán as dispoñibles no momento de publicación deste real decreto lei para a elaboración do anteproxecto de orzamentos xerais do Estado para 2020, de conformidade co disposto no artigo 11.2 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, e que se recollen a continuación:

Conceptos	Importe - Millóns de euros
Imposto sobre a renda das persoas físicas.	91.340
Imposto sobre o valor engadido.	74.991
Impostos especiais.	22.184
Alcohol e bebidas derivadas.	815
Cervexa.	344
Produtos intermedios.	22
Hidrocarburos.	12.988
Elaborados do tabaco.	6.530
Electricidade.	1.406

Artigo 4. *Outros parámetros, variables ou datos de referencia.*

O valor dos restantes parámetros, variables ou datos de referencia necesarios para a aplicación do previsto nos citados artigos 12 a 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, nos termos previstos neles, efectuarase con referencia á súa situación de publicación, dispoñibilidade ou período de liquidación, segundo corresponda, dispoñibles no momento de publicación deste real decreto lei.

Artigo 5. *Libramentos.*

O disposto nos artigos 3 e 4 aplicarase aos libramentos que, en aplicación do sistema de financiamento autonómico, efectúe a Administración xeral do Estado a favor das comunidades autónomas nos meses posteriores ao da entrada en vigor deste real decreto lei.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, o importe adicional que resulte desta actualización, con respecto ao importe das entregas á conta que actualmente están percibindo as comunidades autónomas en situación de prórroga orzamentaria, librarase nos dous meses posteriores á data de entrada en vigor deste real decreto lei.

Artigo 6. *Suplementos de crédito para a actualización extraordinaria das entregas á conta das comunidades autónomas.*

Para financiar a actualización do importe das entregas á conta dos recursos suxeitos a liquidación do sistema de financiamento das comunidades autónomas, concédense suplementos de crédito no concepto 451 «Fondo de Suficiencia Global» do programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», nos seguintes servizos da sección 36 «Sistemas de financiamento de entes territoriais», polos importes que se indican:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (miles de euros)
36.03.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Galicia	15.442,32
36.05.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Principado de Asturias	3.629,35
36.06.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Cantabria	25.752,98
36.07.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: La Rioja	10.536,20
36.10.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Aragón	6.485,68
36.14.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Extremadura	18.912,68
36.17.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Castilla y León	6.587,27
36.18.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Melilla	1.719,64
36.19.941M.451	Fondo de Suficiencia Global: Ceuta	2.147,60

Así mesmo, para financiar a actualización das entregas á conta da achega do Estado ao Fondo de Garantía, concédese un suplemento de crédito por importe de 557.406,00 miles de euros no concepto 453 «Achega do Estado ao Fondo de Garantía», do programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», do servizo 20 «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Varias CC.AA.», da sección 36 «Sistemas de financiamento de entes territoriais».

Artigo 7. *Modificación do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo.*

Modifícase o artigo 94.3 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, que queda redactado como segue:

«3. O Goberno poderá regular o mecanismo de fixación dos prezos dos medicamentos e produtos sanitarios non suxeitos a prescrición médica, así como doutros produtos necesarios para a protección da saúde da poboación, que se dispensen no territorio español, seguindo un réxime xeral obxectivo e transparente.

Cando exista unha situación excepcional sanitaria, co fin de protexer a saúde pública, a Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos poderá fixar o importe máximo de venda ao público dos medicamentos e produtos a que se refire o parágrafo anterior polo tempo que dure a dita situación excepcional.»

CAPÍTULO II

Medidas de apoio ás familias

Artigo 8. *Dereito básico de alimentación de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade que se encontran afectados polo peche de centros educativos.*

1. As familias dos nenos e nenas beneficiarios dunha bolsa ou axuda de comedor durante o curso escolar que se encontren afectados polo peche de centros educativos terán dereito a axudas económicas ou á prestación directa de distribución de alimentos.

2. A xestión destas medidas levarana a cabo os servizos sociais de atención primaria en coordinación cos centros escolares e as respectivas consellerías de educación e de servizos sociais das comunidades autónomas, Ceuta e Melilla.

3. Serán beneficiarias as familias con alumnado de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria ás cales as comunidades autónomas, Ceuta e Melilla ou os servizos sociais municipais lles concederon bolsas ou axudas para o comedor escolar durante este curso académico.

4. Estas medidas prolongaranse mentres permanezan clausurados os centros educativos, sen prexuízo da súa revisión en función da duración desta circunstancia.

Artigo 9. *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para financiar os programas de servizos sociais das comunidades autónomas.*

1. Para pagar as axudas a que se refire o presente real decreto lei, autorízase a aplicación do Fondo de Continxencia e a concesión dun suplemento de crédito no Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, por importe de 25.000.000 euros, na aplicación orzamentaria 26.16.231F.453.07 «Protección á familia e atención á pobreza infantil. Prestacións básicas de servizos sociais».

O financiamento deste suplemento de crédito realizarase de conformidade co artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Con cargo ao suplemento de crédito realizaranse as correspondentes transferencias ás comunidades autónomas, Ceuta e Melilla para proceder á concesión da axuda regulada no artigo anterior.

3. A distribución territorial dos créditos destinados ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para conceder as axudas a que se refire este real decreto lei realizarase de acordo cos mesmos criterios utilizados para a distribución económica do crédito do subprograma A2 «Programa específico para garantir o dereito básico de alimentación, ocio e cultura dos menores durante as vacacións escolares e a conciliación da vida familiar e laboral» do «Programa de protección á familia e atención á pobreza infantil», establecidos no Acordo do Consello de Ministros do 5 de xullo de 2019, polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante dos créditos acordados polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que se destinan ao financiamento dos plans ou programas sociais, para o exercicio 2019, publicado mediante a Orde SCB/777/2019, do 15 de xullo.

Artigo 10. *Calendario escolar no ensino obrigatorio.*

No curso 2019/20, as administracións educativas poderán adaptar o límite mínimo de días lectivos a que se refire a disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ás necesidades derivadas das medidas de contención sanitaria que se adopten e supoñan a interrupción de actividades lectivas presenciais, cando se substituísen tales actividades por outras modalidades de apoio educativo ao alumnado.

Artigo 11. *Consideración excepcional como situación asimilada a accidente de traballo dos períodos de illamento ou contaxio do persoal encadrado nos réximes especiais dos funcionarios públicos como consecuencia do virus COVID-19.*

1. Co obxecto de protexer a saúde pública, consideraranse, con carácter excepcional, situación asimilada a accidente de traballo, exclusivamente para o subsidio de incapacidade temporal que recoñece o mutualismo administrativo, aqueles períodos de illamento ou contaxio provocados polo COVID-19.

2. En ambos os casos, a duración desta prestación excepcional virá determinada polo parte de baixa por illamento e a correspondente alta.

3. Poderá causar dereito a esta prestación o mutualista que se encontre, na data do feito causante, en situación de alta no correspondente réxime especial da Seguridade Social.

4. A data do feito causante será aquela en que se acorde o illamento ou enfermidade do mutualista, sen prexuízo de que o parte de baixa se expida con posterioridade a esa data.

CAPÍTULO III

Medidas de apoio ao sector do turismo

Artigo 12. *Ampliación da liña de financiamento Thomas Cook para atender o conxunto de empresas establecidas en España incluídas en determinados sectores económicos.*

1. A liña de financiamento prevista no artigo 4 do Real decreto Lei 12/2019, do 11 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos da apertura de procedementos de insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook amplíase a todas as empresas e traballadores autónomos con domicilio social en España que estean incluídos nos sectores económicos definidos na disposición adicional primeira deste real decreto lei e contará con 200 millóns de euros adicionais aos previstos inicialmente no citado artigo 4 do Real decreto lei 12/2019, do 11 de outubro.

A partida orzamentaria do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo de garantía do 50% dos créditos dispostos da liña ICO amplíase dos 100 millóns de euros iniciais ata os 200 millóns de euros para dar cobertura á liña de financiamento ampliada de ata 400 millóns de euros. Os importes orzamentarios correspondentes en cada ano axustaranse a estes novos límites.

Para ampliar a partida orzamentaria de garantía do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo autorízanse novos límites de compromisos de gasto que modifican os aprobados mediante o Acordo de Consello de Ministros do 20 de decembro de 2019, polos importes que se indican:

Ano	Compromiso máximo que se adquirirá – Euros	
	20.04.432A.441	20.04.432A.359
2019	0,00	20.000,00
2020	0,00	20.000,00
2021	0,00	40.000,00
2022	5.000.000,00	1.040.000,00
2023	10.000.000,00	100.000,00
2024	30.000.000,00	80.000,00
2025	60.000.000,00	40.000,00

Ano	Compromiso máximo que se adquirirá	
	- Euros	
	20.04.432A.441	20.04.432A.359
2026	60.000.000,00	20.000,00
2027	35.000.000,00	20.000,00
Total	200.000.000,00	1.380.000,00

2. Aplicaranse a esta liña de financiamento e á correspondente garantía ampliada, de modo automático e cando entre en vigor este real decreto lei, os mesmos termos e condicións que os aprobados para a liña de financiamento prevista no artigo 4 do Real decreto lei 12/2019, do 11 de outubro, tanto os previstos no referido artigo 4 coma os previstos no conxunto de instrumentos que o desenvolven e serviron para a posta en marcha da referida liña de financiamento, sen que sexa necesario ningún desenvolvemento normativo, convencional ou acto xurídico de aplicación.

En concreto, aplicaranse os termos e condicións establecidos nos acordos de Consello de Ministros aprobados para a implementación da citada liña de financiamento e garantía, do 20 de decembro de 2019, ben que modificados segundo os novos límites de compromisos de gasto, e do 27 de decembro de 2019, así como o Acordo de Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 31 de outubro de 2019 e o Convenio formalizado entre o ICO e a Secretaría de Estado de Turismo o 27 de decembro de 2019.

3. Instrúese o ICO para que, con carácter inmediato á entrada en vigor deste real decreto lei, realice as xestións necesarias coas entidades financeiras para que a liña de financiamento ampliada poida estar á disposición das empresas no prazo máximo de dez días, contados desde a referida entrada en vigor.

Artigo 13. Medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos discontinuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.

1. As empresas, excluídas as pertencentes ao sector público, dedicadas a actividades encadradas nos sectores do turismo, así como os do comercio e hostalaría, sempre que se encontren vinculadas ao dito sector do turismo, que xeren actividade produtiva nos meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e que inicien ou manteñan en alta durante os ditos meses a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixo discontinuo, poderán aplicar unha bonificación nos ditos meses do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, Fogasa e formación profesional dos ditos traballadores.

O disposto neste artigo será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o día 31 de decembro de 2020.

2. A bonificación regulada neste artigo será de aplicación en todo o territorio nacional, salvo nas comunidades autónomas de Illes Balears e Canarias, durante os meses de febreiro e marzo de 2020, onde será de aplicación, nos mencionados meses, a bonificación establecida no artigo 2 do Real decreto lei 12/2019, do 11 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos da apertura de procedementos de insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.

CAPÍTULO IV

Medidas de apoio financeiro transitorio

Artigo 14. *Adiamento de débedas tributarias.*

1. No ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, para os efectos dos adiamentos a que se refire o artigo 65 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, concederáse o adiamento do ingreso da débeda tributaria correspondente a todas aquelas declaracións-liquidacións e autoliquidacións cuxo prazo de presentación e ingreso finalice desde a data de entrada en vigor deste real decreto lei e ata o día 30 de maio de 2020, ambos inclusive, sempre que as solicitudes presentadas ata esa data reúnan os requisitos a que se refire o artigo 82.2.a) da lei anterior.

2. Este adiamento será aplicable tamén ás débedas tributarias a que fan referencia as letras b), f) e g) do artigo 65.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Será requisito necesario para a concesión do adiamento que o debedor sexa persoa ou entidade con volume de operacións non superior a 6.010.121,04 euros no ano 2019.

4. As condicións do adiamento serán as seguintes:

a) O prazo será de seis meses.

b) Non se devindicarán xuros de demora durante os primeiros tres meses do adiamento.

Artigo 15. *Solicitud de adiamento extraordinario do calendario de reembolso en préstamos concedidos pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.*

1. Os beneficiarios de concesións dos instrumentos de apoio financeiro a proxectos industriais poderán solicitar o adiamento do pagamento de principal e/ou xuros da anualidade en curso, sempre que o seu prazo de vencemento sexa inferior a 6 meses, contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, cando a crise sanitaria provocada polo COVID-19 orixinase nos ditos beneficiarios períodos de inactividade, redución no volume das vendas ou interrupcións na subministración na cadea de valor que lles dificulte ou impida atender o seu pagamento. Esta solicitude comportará, no caso de estimarse, a correspondente readaptación do calendario de reembolsos.

A dita solicitude deberase efectuar sempre antes de que finalice o prazo de pagamento en período voluntario e deberá ser estimada de forma expresa polo órgano que ditou a resolución de concesión.

2. A solicitude presentada deberá incorporar:

a) Unha memoria xustificativa na cal se motive adecuadamente a dificultade de atender o pagamento do próximo vencemento, de acordo co establecido no punto anterior. Esta xustificación deberá incluír unha imaxe das contas xusto antes de que se producise a situación a que se refire o número 1, unha explicación cualitativa e cuantitativa de como se produciu esta afectación, a súa valoración económica e financeira, así como un plan de actuación para paliar eses efectos.

b) No caso de que o prazo de realización dos investimentos non finalizase, deberase incluír unha memoria técnica e económica xustificativa dos investimentos realizados con cargo ao préstamo ata ese momento e desagregado por partidas. Incluírse unha táboa cos datos dos investimentos e gastos executados (facturas e pagamentos), así como dos compromisos de gasto realizados, todo iso debidamente acreditado.

c) Unha declaración responsable de que a empresa está ao día nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de que non ten débedas por reintegros de axudas ou préstamos coa Administración e de que cumpriu coas súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil.

3. Non se poderán autorizar modificacións do calendario nos seguintes casos:
 - a) Que non exista unha afectación suficientemente acreditada que xustifique esa modificación.
 - b) Que a empresa non estea ao día nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
 - c) Que a empresa teña débedas por reintegro de axudas ou préstamos coa Administración.
 - d) Que a empresa non teña cumpridas as súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil.
 - e) Que o vencemento de débeda sexa consecuencia dun reintegro por incumprimento ou renuncia.
 - f) Que, no caso de proxectos que se encontren dentro do prazo de xustificación de investimentos, non exista un grao de avance suficiente e que non garanta o cumprimento dos obxectivos comprometidos na resolución de concesión.
4. No caso de que así se estableza para o correspondente programa, a solicitude de modificación de concesión realizarase seguindo as instrucións da guía que publique para estes efectos a Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.
5. O prazo máximo para a resolución do procedemento e a súa notificación é dun mes contado a partir da presentación da solicitude. Se, transcorrido o dito prazo, o órgano competente para resolver non notificase a dita resolución, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a solicitude.

CAPÍTULO V

Medidas para a xestión eficiente das administracións públicas

Artigo 16. *Contratación.*

1. A adopción de calquera tipo de medida, directa ou indirecta, por parte dos órganos da Administración xeral do Estado para facer fronte ao COVID-19 xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata, ao abeiro do previsto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
2. De acordo coa previsión establecida no parágrafo anterior, a todos os contratos que deban subscribir a Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos e entidades de dereito público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer fronte ao COVID-19 resultarálles de aplicación a tramitación de emerxencia.
3. O libramento dos fondos necesarios para facer fronte aos gastos que xere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas fronte ao COVID-19 realizarase a xustificar.

Artigo 17. *Habilitación para realizar transferencias de crédito.*

O Goberno, excepcionalmente e ata a entrada en vigor da nova Lei de orzamentos xerais do Estado, poderá autorizar transferencias de crédito entre seccións orzamentarias para atender necesidades ineludibles e en casos distintos dos previstos no artigo 52.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Para estes efectos, a ministra de Facenda elevará ao Consello de Ministros a oportuna proposta.

Disposición adicional primeira. *Ámbito de aplicación da liña de financiamento ampliada Thomas Cook para atender o conxunto de empresas establecidas en España incluídas en determinados sectores económicos.*

Poderán ser destinatarios da liña de financiamento prevista no artigo 4 do Real decreto lei 12/2019, do 11 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos da apertura de procedementos de insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook, ampliada conforme o establecido no artigo 13, as empresas e autónomos con domicilio social en España que formalicen operacións na liña «ICO Empresas e emprendedores» cuxa actividade se encadre nun dos seguintes CNAE do sector turístico:

Cód. CNAE2009	Título CNAE2009
493	Outro transporte terrestre de pasaxeiros.
4931	Transporte terrestre urbano e suburbano de pasaxeiros.
4932	Transporte por taxi.
4939	Tipos de transporte terrestre de pasaxeiros n.c.n.p.
511	Transporte aéreo de pasaxeiros.
5110	Transporte aéreo de pasaxeiros.
5221	Actividades anexas ao transporte terrestre.
5222	Actividades anexas ao transporte marítimo e por vías navegables interiores.
5223	Actividades anexas ao transporte aéreo.
551	Hoteis e aloxamentos similares.
5510	Hoteis e aloxamentos similares.
552	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada.
5520	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada.
559	Outros aloxamentos.
5590	Outros aloxamentos.
56	Servizos de comidas e bebidas.
561	Restaurantes e postos de comidas.
5610	Restaurantes e postos de comidas.
5621	Provisión de comidas preparadas para eventos.
5629	Outros servizos de comidas.
7711	Alugamento de automóbiles e vehículos de motor lixeiros.
7721	Alugamento de artigos de ocio e deportes.
7911	Actividades das axencias de viaxes.
7912	Actividades dos operadores turísticos.
799	Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles.
7990	Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles.
855	Outra educación.
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.
9004	Xestión de salas de espectáculos.

Cód. CNAE2009	Título CNAE2009
9102	Actividades de museos.
9103	Xestión de lugares e edificios históricos.
9321	Actividades dos parques de atraccións e dos parques temáticos.
9329	Actividades recreativas e entretemento.

Disposición adicional segunda. *Habilitación de créditos orzamentarios.*

O Ministerio de Facenda dotará os créditos orzamentarios que resulten precisos para o adecuado cumprimento das medidas extraordinarias que requira a aplicación deste real decreto lei.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

As actuacións previstas financiaranse de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes. Para iso, o Ministerio de Facenda aprobará as modificacións orzamentarias correspondentes.

Disposición transitoria única. *Aplicación de determinadas medidas do real decreto lei.*

O disposto no artigo 16 será de aplicación aos contratos necesarios para facer fronte á situación obxecto deste real decreto lei cuxa tramitación se iniciase con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.*

Engádesse unha nova disposición adicional terceira á Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, co seguinte contido:

«1. En situacións excepcionais, e cando a natureza da crise o exixa, o presidente do Goberno poderá decidir motivadamente que o Consello de Ministros, as comisións delegadas do Goberno e a Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios poidan celebrar sesións, adoptar acordos e aprobar actas a distancia por medios electrónicos, sempre que os membros participantes se encontren en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión e disporanse os medios necesarios para garantir o carácter secreto ou reservado das súas deliberacións.

2. Para estes efectos, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias e videoconferencias.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habilítanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a, 13.^a e 30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e manterá a súa vixencia mentres o Goberno determine que persisten as circunstancias extraordinarias que motivaron a súa aprobación.

Dado en Madrid o 12 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN